

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E CRUZ VERMELLA GALICIA PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO PARA A PREVENCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE EN PERSOAS MAIORES

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte, don _____, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, dona _____, maior de idade con DNI _____, en calidade de presidenta autonómica de Cruz Vermella Española (Galicia).

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse e suscribir este convenio, e para estes efectos

EXPOÑEMOS:

1. Que o decreto 41/2013, do 21 de febreiro, establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determinando que ten as funcións de exercer o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos. En particular, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é o órgano responsable de impulsar os programas e actuacións sanitarias e sociosanitarias.
2. Que a Cruz Vermella en Galicia é parte da Sociedade Nacional Cruz Vermella. O máximo órgano de goberno da institución en Galicia é o Comité Autonómico. Compételle a elaboración do plan de traballo no ámbito de Galicia, de acordo coas directrices emanadas dos órganos superiores da institución.
3. O Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, no seu artigo 2.1.g) sinala entre os seus fins o de “fomento e participación en programas de saúde e en accións que polo seu especial carácter altruísta resulten máis convenientes para a saúde pública”. Ademais, dentro dos obxectivos do Plan de Saúde de Cruz Vermella inclúese o de apoiar, fomentar e favorecer a autonomía funcional das persoas maiores así como das persoas con diversidade funcional que se atopan en situacións de soidade ou con enfermidades e trastornos discapacitantes e/ou dexenerativos.

A filosofía de Cruz Vermella encádrase nun enfoque baseado na prevención da dependencia, a promoción da vida independente e o envellecemento saudable, fomentando a participación social das persoas e o seu comportamento proactivo fronte ao coidado da propia saúde.

4. Que un dos catro eixos estratéxicos da Estratexia SERGAS 2020 é a atención integral adaptada ás necesidades dos usuarios, pacientes, familiares e coidadores. Entre as principais liñas que o desenvolven atópanse:

- Desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral.
- Avanzar no empoderamento dos doentes.

5. Que o 7 de xullo de 2015 asinouse o convenio marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Cruz Vermella Española (Galicia) co obxecto de establecer as liñas xerais de colaboración dirixidas ao deseño e avaliación de programas de promoción do estilo de vida saudable e do envellecemento activo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Con tal fin, ámbalas dúas entidades, propoñen desenvolver un programa de actividades de acompañamento para a prevención e promoción da saúde baixo as seguintes ideas básicas:

- a. Mellorar a calidade de vida das persoas maiores desde unha perspectiva integral, incidindo tanto en aspectos especificamente sanitarios como de índole social.
- b. Ofrecer unha serie de actividades de acompañamento orientadas ao envellecemento saudable e a prevención da dependencia, fomentando a participación e o comportamento proactivo das persoas maiores fronte ao coidado da propia saúde.
- c. Achegar estas actividades ao domicilio das persoas maiores para potenciar a continuidade no proceso de coidados.
- d. Facilitar o acompañamento e contacto con persoas maiores solas.

Por todo isto, sendo concorrente o interese das dúas partes, resulta conveniente a colaboración entre ambas, polo que acordan outorgar o presente convenio de colaboración sobre a base das seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Cruz Vermella para levar a cabo o Programa de Envellecemento Saudable: Saúde Constante.

As actividades previstas dentro do programa son as seguintes:

1. Visitas mensuais ao domicilio das persoas maiores para ofrecer información/consellos sobre alimentación e exercicio físico e toma de biomedidas como reforzo aos consellos.
2. Charlas informativas sobre hábitos saudables en centros da Cruz Vermella.
3. Actividades de ocio saudable.
4. Teleservicios:
 - Chamadas (acompañamento).
 - Información e consellos saudables.
 - Adherencia ao tratamento (recordatorios e seguimento de citas médicas, apoio e xestión na solicitude de citas, recordatorios toma medicación).

Segunda. Financiamento

Este convenio de colaboración non establece obrigas ou compromisos de carácter económico para as partes.

Terceira. Perfil das persoas destinatarias.

Serán destinatarias da asistencia prevista no presente convenio de colaboración aquelas persoas con máis de 64 anos de idade, seleccionadas en función da seguinte priorización:

- 1 Persoas maiores de 64 anos con indicadores sociais de risco (vivir solo, escasa rede relacional, residir en zona afastada xeograficamente).
- 2 Persoas maiores de 64 anos sen indicadores sociais de risco pero que poidan beneficiarse do programa por calquera das seguintes causas:
 - 2.1 Teñen hábitos de saúde inadecuados.
 - 2.2 Teñen un seguimento inadecuado da pauta médica.
 - 2.3 Teñen dificultades de accesibilidade ao centro de saúde e poden beneficiarse do apoio do programa como reforzo.

Cuarta. Prestacións

Unha persoa voluntaria de Cruz Vermella visita ás persoas beneficiarias do programa periodicamente no seu domicilio. De forma xeral, as visitas terán unha periodicidade mensual, aínda que excepcionalmente poderanse intensificar en casos concretos. Previamente concretarase vía telefónica o día e hora.

Esta persoa voluntaria dispón dun maletín dotado con: esfingomanómetro e báscula. A determinados pacientes poderán facilitarlles un podómetro, que lles deixarán para ir recollendo información sobre a súa actividade física. Durante o tempo que a persoa participe no programa, a persoa voluntaria da Cruz Vermella mediralle a tensión arterial, o peso e a actividade física rexistrada.

Durante as visitas, ademais da toma das correspondentes biomedidas e o rexistro da información, a persoa voluntaria comunica ao paciente os valores obtidos e ofrécelle consellos e mensaxes de prevención-sensibilización ou reforzo positivo.

As persoas beneficiarias do programa son ademais convidados e motivados para asistir a sesións formativas sobre hábitos saudables e a distintas actividades relacionadas co exercicio físico e a participación social (grupos de paseo, xerontoximnasia, talleres de relaxación). Se fose necesario

Cruz Vermella tentará facilitar, na medida das súas posibilidades operativas nas distintas localidades, os desprazamentos que as persoas maiores necesiten para asistir a estas actividades.

De forma opcional, poderase incorporar aos usuarios nos que se estime beneficioso aos seguintes teleservizos:

- a) Chamadas semanais de acompañamento (preguntas sobre o estado de saúde, anímico, comidas, actividades).
- b) Información e consellos saudables (campana de vacinación gripe, onda de frío/onda de calor).
- c) Adherencia ao tratamento/seguimento:
 - Recordatorio e seguimento de citas médicas.
 - Recordatorio toma de medicación.
 - Apoio e xestión na solicitude de citas médicas.

A participación no programa é completamente voluntaria. A persoa beneficiaria pode decidir non participar ou, no seu caso, revocar a súa participación en calquera momento, sen necesidade de motivala.

Quinta. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

Correspóndelle aos profesionais dos centros de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde (persoal de enfermería, medicina, traballo social) a selección das persoas maiores que van participar no programa de apoio. A selección das persoas beneficiarios seguirá a priorización xa descrita na cláusula terceira:

1. Persoas maiores de 64 anos con indicadores sociais de risco (vivir solo, escasa rede relacional, residir en zona afastada xeograficamente).
2. Persoas maiores de 64 anos sen indicadores sociais de risco pero que poidan beneficiarse do programa por calquera das seguintes causas:
 - 2.1. Teñen hábitos de saúde inadecuados.
 - 2.2. Teñen un seguimento inadecuado da pauta médica.
 - 2.3. Teñen dificultades de accesibilidade ao centro de saúde e poden beneficiarse do apoio do programa como reforzo.

O persoal de Atención Primaria que fai a selección das persoas usuarias cubrirá os datos que se solicitan na Ficha de Inclusión ao Programa.

Os profesionais sanitarios responsables das persoas maiores incluídas no programan deberán telos identificados e entregarlles unha copia da folla de Medicación Activa sempre que se faga algunha modificación da pauta terapéutica que se precise reforzar.

Sexta. Obrigas da Cruz Vermella

Correspóndelle a Cruz Vermella :

1. A aprobación da solicitude de inclusión no programa, que estará condicionada polo esgotamento dos recursos anuais destinados a este programa.
2. A posta en marcha das actividades previstas no programa, descritas na cláusula cuarta.

3. A elaboración dunha memoria anual das actividades realizadas que será remitida á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

A denegación da solicitude será inapelable e, en ningún caso, estará sometida a xustificación.

Sétima. Protección de datos de carácter persoal

Sempre que sexa preciso que para o desenvolvemento deste programa, as persoas voluntarias de Cruz Vermella recaben datos sanitarios da persoa beneficiaria e, sen prexuízo do deber de confidencialidade, cómpre lembrar que os datos sanitarios son datos especialmente protexidos, e de conformidade co artigo 7.3 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, “os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser recabados, tratados e cedidos cando, por razón de interese xeral, así o dispoña unha lei ou *o afectado consinta expresamente*”, ao que se engade que a recollida e tratamento deses datos sanitarios deberá someterse ao resto das especificacións da citada Lei orgánica.

Oitava. Comisión de Seguimento.

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha Comisión de seguimento do presente convenio formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- c) Propoñer ás partes, a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas, para o cumprimento do convenio. O incumprimento por calquera das partes, das cláusulas do presente convenio, poderá dar lugar á denuncia deste.

Novena. Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia desde o día seguinte ó da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante, as partes de mutuo acordo, poderán acordar a prórroga por unha anualidade mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

Décima. Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) A denuncia previa de calquera das dúas partes asinantes, sempre que o notifique á outra cun mes de antelación.
- b) O mutuo acordo entre as partes.

c) O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas.

Décimo primeira. Cuestións Litixiosas.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas súas estipulacións. No seu defecto, polo previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, en particular os principios e criterios que o informan, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran suscitarse na interpretación e aplicación do convenio.

As cuestión litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do convenio, resolveranse ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

En proba da súa conformidade, asínase polas partes o presente Convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente do
Servizo Galego de Saúde

A presidenta de
Cruz Vermella Española (Galicia)